

EXPLICACIÓN DA ORDENACIÓN

O AVE nos permite unha nova ordenación na cidade logo de dúas decisións fundamentais:

- Os barrios de Rairo, San Francisco, Residencia e As Lagoas, están cortados polo ferrocarril actual nun percorrido lineal. Decide o goberno municipal e o Ministerio de Fomento no 2008 que o novo trazado saia da cidade e nos permita libera-lo corredor lineal e convertilo nun novo eixe norte-sur que artella a cidade e a conecta cos chans industriais do sur...
- Afasta-la estación da cidade non contribúe a revitalizala. Se decide que o trazado ten que volver a entrar para que a estación estea en A Ponte-Vinteún. O proxecto da estación Intermodal ten que ademais de conectarnos co mundo, se-la oportunidade para uni-los barrios do Vinteun e A Ponte creando un espacio e un edificio de referencia.

Si paseamos polo Vinteun e por A Ponte, (e por río Arnoia, Quintian...), e por onde se unen: na ponte sobre o ferrocarril, e nos apoiamos na varanda, miramos cara abaixo e as beiras, vemos:

- O Vinteun e A Ponte están separados; en vertical: 10m.
- As mazás do Vinteun están sin terminar e as súas traseiras e patios de mazás sin xeito dan á plataforma do ferrocarril (10 m abaixo) separadas por un muro en todo o perímetro. Polo tanto todo o barrio do Vinteun é unha fachada degradada e sin rematar á A Ponte, e de gran visibilidade porque está elevada.
- O Vinteun xira en torno á Avda. de Santiago; a pesares de ser caótica é la rúa comercial do barrio (é a rúa do Paseo da Ponte e do Vinteun).
- Non hai espacio público nos dous barrios. As relación xiran en torno á Avda. de Santiago, pese a estar ocupada polos coches. A Avda. de Santiago, conecta os dous barrios, cunha ponte sobre o ferrocarril.
- Sen embargo, as mazás do barrio de A Ponte ofrecen unha fachada ben feita ó ferrocarril, que se separa por un fermoso peche. É unha fachada ben feita. Non obstante non hai outra vez espacios públicos. O seu comercio e a vida están vencellados á estación ou ó Vinteun.

Parece que o que hai que facer é:

- Crear o espacio público que lle falta ós dous barrios, para o que a nova estación é unha grande oportunidade, que sirva como referencia de calidade ós dous barrios, (e a toda a cidade) e sirva para conectalos e melloralos.
- Un edificio non é unha referencia si é unha illa. É unha referencia ou non o é xunto co entorno que constrúe. A oportunidade é-la nova estación e os espacios públicos que faga.
- Polo tanto, a nova estación e seu entorno o primeiro que debe escoller é onde se ubica: sobre unha grande praza no eixo da Avda. de Santiago, que a nova estación conecta coa nova praza de A Ponte.
- E a actuación pecha as tramas: convirte en fachadas os patios de mazá e as traseiras do Vinteun, pecha as mazás sin terminar no Vinteun e as continúa en A Ponte (os dous barrios son de mazás), sobre un trazado de rúas (non estradas)... tece...fai urbanismo.

Especialmente importante e a oportunidade do corredor liberado para o trolebús-tranvía:

- Ourense se artella sobre un único eixo norte-sur: a Avda de Santiago-Rúa Progreso-Avda. Zamora. A antiga estrada Villacastín que nos conectaba coa meseta: o único eixo que estrutura a cidade de Norte a Sur.
- Liberar o corredor permite un segundo eixo que cruza o Miño: e conectará a cidade dende a nova Estación cos Polígonos Industriais de San Cibrao e o Parque Tecnolóxico, con paradas no Campus, o Casco vello-San Francisco, Residencia, Universidade Laboral, novo solo empresarial de Seixalvo....
- A oportunidade é excepcional: enlazar a cidade coa súa área metropolitana; un único espacio de relación. O corredor lineal (non é como a estación: unha estancia, sinon que é físicamente lineal) ten que ser un parque verde lineal percorrido polo trolebús-tranvía, corredor peonil, de bicis..., que sirva tamén para construír novas fachadas cara él e reconvirta as traseiras...

A ordenación coordina o obxectivo: aproveitar o proxecto da estación Intermodal para unir os barrios do Vinteún e A Ponte cun espacio e un edificio de referencia tamén para toda a cidade, cos requerimentos técnicos de Fomento para que poida chegar o AVE, e todo elo coordinado tamén co cumprimento das leis ferroviarias mailas leis de urbanismo e ordenación do territorio.

Este é o comezo dun largo traballo, que ten que pasar pola súa incorporación ó planeamento e o desenvolvemento do mesmo. Antes, o AVE chegará a Ourense a finais do vindeiro ano 2011, o que é posible porque todo o percorrido está feito dende A Coruña pasando por Santiago e se están a terminar as obras á entrada de Ourense (para chegar ata aquí fixéronse hai anos os estudos informativos, as tramitacións ambientais, os proxectos constructivos, se adjudicaron as obras, e se executaron no 90% e se están terminando á entrada da nosa cidade).